Manoel Rodríguez López
Hortal, 54
Barcelona, 16

Barcelona, 25 de Maio de 1968

Sr. D. Ramón Piñeiro

Santiago de Compostela.

Moi apreciado D. Ramón:

Moi agradecido pola sua contesta á miña carta, na que lle mandaba unha obra de teatro, pra pubricar en GRIAL, mándolle estas breves liñas pra darlle as gracias polo seu interés.

Estas vacaciós estarei en Lugo deica o día 7.9 . Se nono podo ver en Galicia, espero ter ocasión de saudalo persoalmente noutra ocasión.

Deseio de corazón que teña moitos eisitos en U.S.A.

Cando volva de América e teña lido a miña obra, xa me dirá o que pensa dela. Eiquí viuna o Basilio Losada, quen foi o que me aconsellaba de mandala ó"O Galo" e logo atopóu ben que lla enviara a Vde.

Perdoe o tempo que lle roubo e repito que lle deseo moitos eisitos.

Afeutuosamente s.s.s.

F. PENZOL